

a ctividades




* Recorta a imaxe dunha obra plástica coñecida e elabora unha ficha como a do exemplo analizando: * Que di o autor * Como o di * Cando o di e * Con que o di.

Procura en libros de historia da arte ou en artigos sobre o autor e averigua en que momento da súa vida pintou a obra e por que. ¿Hai algunha mensaxe evidente? ¿Que materiais utilizou? ¿A que corrente artística pertence?

Autor: *Xoán Gris*
Título: *O taboleiro de axedrez*

Ano: 1915

Mensaxe (Que di):
Momento da súa vida (Cando o di):
Tendencia plástica (Como o di):
Técnica e procedemento (Con que o di):



* Éste é un traballo de investigación que require sobre todo paciencia. Faino despacio e sobre todo fíxate nos autores e no momento e lugar en que viviron.

MATERIAIS

- * Unha cartulina para dividir en dúas
- * Unha ilustración dunha obra plástica
- * Caderno de anotacións

* Recorta a imaxe dunha obra plástica coñecida e elabora unha ficha como a do exemplo analizando: * Estilo persoal * Estilo local * Estilo de época.

Analiza comparando fontes informativas diferentes cales son as características propias da pintura do autor que elixas, a que etapa o corrente da Hª da Arte pertence e procura se hai influencias na súa obra da arte popular da zona na que desenrolou o seu traballo.

Autor: *Francisco de GOYA*

Ano: 1814

Título:

O tres de Maio de 1808 en Madrid

Os fusilamentos na montaña do Príncipe Pío

Características do seu estilo persoal (estilo propio):

Tipo de arte da súa zona de influencia (estilo local):

Época histórica na que se executa a obra (estilo de época):



* Elabora unha ficha parecida á da ilustración. É suficiente empregar tres ou catro liñas para responder a cada pregunta, non máis.

MATERIAIS

- * Unha cartulina para dividir en dúas
- * Unha ilustración dunha obra plástica
- * Caderno de anotacións